No eido da atención á Dependencia, 9.388 persoas aínda están en lista de agarda e non perciben ningunha prestación. A cifra faille sacar peito a Feijóo porque, efectivamente, reducimos lista de agarda, pero fixémolo a conta de cargar no lombo das mulleres o coidado das persoas dependentes, porque o servizo que menos medrou foi o de residencias públicas, porque non hai prazas suficientes de respiro familiar e porque as prestacións monetarias son insuficientes. Ademais, Feijóo tería que dar a cara ante os datos da última enquisa do IGE para 2017, que indica que hai 117.875 persoas que se autoperciben como en situación de dependencia, un 25,06% máis que en 2011. Esta enquisa revela que aumentou o número de persoas que realizan tarefas de coidado de persoas dependentes, máis do 62% das cales son mulleres, fundamentalmente maiores de 45 anos, e un 30% das mesmas dedican máis de 70 horas á semana a esta tarefa. Mulleres, lembremos, ás que o Goberno do PP no Estado retirou o pago das prestacións á Seguridade Social, co cal menos do 10% das persoas coidadoras se mantiveron cotizando.
Ademais, a citada enquisa do IGE indica tamén que máis de 53.000 persoas que se autoperciben con dependencia precisan axuda a domicilio, pero que só o 44% a recibe, que se precisan máis coidados sanitarios especializados, transporte adaptado e máis prazas en centros de día.

Sinalou Feijóo que aumentará a axuda por coidados no fogar (son irrisorias as prestacións de libranza por coidados) e as horas de Asistente Persoal para a Vida Independente, proposta esta que foi realizada por En Marea e aprobada por unanimidade do Parlamento, pero que aínda non se aplicou.

Gábase Feijóo de ter aumentado as prazas públicas, pero o que aumentou máis foi a porcentaxe das prazas concertadas no conxunto das prazas sostidas pola Xunta e nos centros propios, óptase pola xestión indirecta, porque asume un modelo que favorece o negocio privado, xa que tampouco desenvolve o "concerto social" para primar a entidades sociais fronte á empresas privadas. No

conxunto de total das prazas, a porcentaxe de prazas privadas é dun 67%, a maior de todo o Estado.

Asemade, continúa unha lista de agarda inasumible para residencias de maiores, xa que no Programa de Asignación de Recursos situábase a lista de agarda en 2016 en 1.774 expedientes. Os prazos de resolución exceden con moito o estipulado na normativa; o tempo medio de trámite ata ser recoñecido o dereito a unha praza de residencias de maiores é de 453,5 días, máis 154,82 días máis de media até o ingreso na mesma, resultando un tempo promedio de espera de 491,74 días.

Ademais, as condicións nos centros de maiores agrávanse co feito de non ter desenvolvido os recursos do eido sociosanitario, incorporando a persoas con enfermidades mentais e drogodependentes, a persoas tuteladas pola FUNGA (na que enchufaron a un Director sen experiencia no eido social), sen seguimento axeitado e sen que aumenten os recursos humanos e materiais nos centros.

O Presidente, volveu no discurso do "estado da nación" sacar o globo sonda do "bono autonomía en residencias", prestación que xa existe na Lei de Autonomía persoal, e que en teoría servirá para sufragar unha praza en residencia privada mentres se está en agarda para unha pública, pero a contía non chega, porque de media unha praza privada costa uns 1500 €.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Deixar sen efecto a suspensión do artigo 19 do Vº Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:48
Nº Rexistro: 38676
Data envío: 11/10/2018 17:48:26.706



2. Derrogar a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Aumentar o persoal de atención directa nos centros de Política Social.

4. Aumentar, de xeito estable, o persoal nos Equipos de Valoración da Discapacidade e crear novos equipos estables para rematar coa lista de agarda.

5. Impulsar un programa de profesionalización dos coidados no entorno familiar.

6. Aumentar o número de horas da prestación de Asistente Persoal para a Vida Independente adaptándose ás necesidades de cada persoa, ata chegar ás 77h semanais no caso das persoas con maior grao de dependencia.

7. Presentar, antes de tres meses, no Parlamento de Galiza, un cronograma co desenvolvemento do Plan Coma na Casa, desglosando as partidas orzamentarias.

8. Impulsar un plan para desenvolver o eido sociosanitario, impulsando os mecanismos legais e orzamentarios necesarios.

9. Aumentar o persoal da FUNGA e sacar a concurso público o posto de dirección, mediante un proceso selectivo.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 11/10/2018 17:35:01**

**Luis Villares Naveira na data 11/10/2018 17:35:10**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 18:08
Nº Rexistro: 38684
Data envío: 11/10/2018 18:08:41.671

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao baixo nivel de execución orzamentaria na Consellaría do Mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos é unha constante a baixa execución orzamentaria da Consellaría do Mar en xeral, a respecto de programas ligados ao fomento do sector. Trátase dunha eiva que, lonxe de corrixirse, estase a intensificar ano tras ano. O "Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2018" a data de 30 de xuño amósanos que o grado de execución dos orzamentos da Consellaría realmente exiguos, como o relativo ao programa competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, co 1%, Construción, conservación e explotación portuaria co 1,7%, ou infraestruturas pesqueiras co 0,4%.

| | |
|---|---|
| 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura | 1,0 |
| 513A-Construción, conservación e explotación portuaria | 1,7 |

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 18:08
Nº Rexistro: 38684
Data envío: 11/10/2018 18:08:41.671

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

| | |
|---|---|
| 514A-Infraestruturas pesqueiras | 0,4 |

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Realizar as xestións oportunas para incrementar o grado de execución do gasto orzamentado nos citados programas para o presente exercicio.

Presentar no Parlamento un informe detallado cos motivos da non execución do orzamento destes programas e as consecuencias, para os colectivos que terían que ser beneficiarios dos mesmos, de non telos executados."

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/10/2018 18:05:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/10/2018 18:05:43**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/10/2018 18:05:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/10/2018 18:05:45**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/10/2018 18:05:47**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2018 18:05:48**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 12:25
Nº Rexistro: 38351
Data envio: 08/10/2018 12:25:34.186

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, presenta a seguinte corrección de erros na proposición non de lei para debate en Pleno, documento con número de rexistro **38250**.

Na parte resolutiva, onde dí "O Parlamento de Galiza insta ao Parlamento de Galiza a:", debe dicir "O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:"

Na parte resolutiva, no último parágrafo onde dí: "Realizar todas as actuacións para garantir a asistencia sanitaria das 139.000 persoas e @s 1400 traballadores aos que afecta a situación de POVISA.", debe dicir: "Realizar todas as actuacións para garantir a asistencia sanitaria das 139.000 persoas e @s *condicións laborais d@s* 1400 traballadores aos que afecta a situación de POVISA."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 12:25
Nº Rexistro: 38351
Data envio: 08/10/2018 12:25:34.186

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2018 12:24:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/10/2018 12:24:29**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/10/2018 12:24:32**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2018 12:24:34**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2018 12:24:35**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/10/2018 12:24:37**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38253
Data envío: 04/10/2018 18:36:12.314

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O sector pesqueiro da Provincia de Lugo é un dos principais motores económicos da Comarca da Mariña, onde se atopan dous dos portos máis grandes de Galicia : Burela e Celeiro, sen esquecer ó resto de portos da Comarca: Ribadeo, Foz, San Cibrao e O Vicedo.

Burela e Celeiro destacan, no só polo volume de ventas das súas lonxas, senón tamén pola súa importante flota, no que hai que salientar o elevado número de buques de gran tonelaxe, moitos deles faenando en augas internacionais e comunitarias, o que implica a necesidade de maior número de titulados náuticos-pesqueiros, así como un maior nivel de formación.

A demanda de persoal con formación para o sector pesqueiro vai en aumento e, como podemos ver no informe do SEPE do 1º, 2º e 3 trimestre do ano 2018 en Lugo, dentro das ocupacións de difícil cobertura a maioría destas son de profesionais do mar, pero non se trata dunha necesidade puntual senón que se mantén no tempo como se pode comprobar ao ver o histórico destes informes.

As actividades en materia educativa están transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia segundo Real decreto 523/2006 do 5 de maio (BOE n.º 123 do 24 de maio).

Se analizamos a oferta de formación para titulados de Ponte e Máquinas en Galicia, vemos que contamos cun centro de FP, onde se imparten ciclos da familia Marítimo-Pesqueira, todos eles nas provincia da Coruña e Pontevedra.

Os certificados de profesionalidades regulados polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, son o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais no ámbito da Administración laboral.

Acreditan o conxunto de competencias profesionais que capacitan para o desenvolvemento dunha actividade laboral identificable no sistema produtivo sen que iso constitúa unha regulación do exercicio profesional.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38253
Data envío: 04/10/2018 18:36:12.314

Teñen carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e son expedidos polo SEPE e os órganos competentes das CCAA.

Debemos de ter en conta tamén que os profesionais do mar deben de contar cos certificados de especialidade, que teñen por obxecto completar ou perfeccionar a formación en determinados temas relativos á seguridade ou habilitar para exercer determinadas funcións ou especialidades nos buques. Trátase de cursos, que unha vez realizados, tamén deben de ser actualizados periodicamente.

A Orde do 31 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a, pescador/a, patrón/oa local de pesca e patrón/oa costeiro/a polivalente da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 2 que a autorización, organización, seguimento, control e avaliación dos cursos e actividades formativas reguladas nesta orde, correspóndelle á Consellería en materia de pesca a través da Dirección Xeral con competencias en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro.

Así mesmo, a disposición derradeira primeira desta orde faculta á Dirección Xeral con competencias en materia náutico e marítimo-pesqueira para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento.

A Resolución do 15 de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, establece a modalidade de Teleformación para a obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro-pescador.

Se nos centramos na situación da formación Náutico-Pesqueira na Mariña lucense a situación é penosa, posto que:

1.- Non existe ningún centro que imparta Formación Profesional da familia Marítimo-Pesqueira, concentrándose todas as escolas nas Provincias da Coruña e Pontevedra.

2.- Non se está impartindo na actualidade ningún Certificado de Profesionalidade do sector na Comarca da Mariña.

3.-Hai anos na Delegación de Pesca de Celeiro levábanse a cabo cursos que agora desapareceron. Algúns dos cales se están a organizar a través de academias privadas.

4.-A infrautilización do centro Vicente Gradaílle de Celeiro, da Confraría de Pescadores de Celeiro, homologada pola Dirección de Mariña Mercante na Resolución do 14 de agosto de 2003.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38253
Data envío: 04/10/2018 18:36:12.314

5.- No caso de acceder á teleformación ofertada pola Consellería do Mar, deben desprazarse ás provincias da Coruña e Pontevedra para a realización dos exames presenciais.

6.- A oferta formativa, que case se pode definir como nula na comarca, obriga incluso a ter que realizar ou revalidar os cursos fóra da nosa Comunidade Autónoma, co conseguinte custo económico e co agravante da falla de tempo dos traballadores do mar, sobre todo no caso da pesca de altura onde deben de quedar en terra unha marea, para poder acceder a eses cursos sen os cales non poderían embarcar.

A pesar da importancia do sector pesqueiro na provincia de Lugo e a necesidade de persoal con titulación marítimo-pesqueira para cubrir a demanda da flota da Mariña lucense e garantir o relevo xeracional, a oferta formativa existente é non só insuficiente senón que supón un agravio comparativo co resto das provincias costeiras de Galicia.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense, no que se contemple a emisión de Certificados de Profesionalidade Marítimo-Pesqueira, organización de cursos para a adquisición e revalidación de competencias necesarias, creación dunha escola que imparta todos os grados formativos de actividades náutico-pesqueiras, e implantación da FP dual como a que xa está a funcionar en comunidades veciñas nesta especialidade.

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 04/10/2018 18:05:01**

**María Dolores Toja Suárez na data 04/10/2018 18:05:14**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38253
Data envío: 04/10/2018 18:36:12.314

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2018 18:05:24**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 10:42
Nº Rexistro: 38264
Data envío: 05/10/2018 10:42:30.456

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Alvarez Martínez e Concepción Burgo López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

## Exposición de motivos

A redución de oferta educativa nos concellos de Galicia afonda no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.

O día 21 de setembro, rexistrabamos iniciativas relativas á decisión da Consellería de Educación de agrupar o alumnado dos cursos 3º e 4º (21 alumnos en total) de Primaria do CEIP "Antonio Blanco", no concello de Covelo (Pontevedra), agrupación coa que os pais e nais do alumnado non estaban de acordo, ademais de ser moi discutible por se tratar dunha ratio que supera o establecido para agrupar alumnado de Educación Primaria, segundo os criterios que se viñan empregando. Curiosamente, 5 días despois do rexistro das iniciativas, os medios de comunicación recollían que as materias "instrumentais" se recibirían por separado e que o centro dispón de profesorado suficiente para atender ás necesidades do alumnado, polo que ata se podería formular un desdobre da aula de 3º e 4º.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desfacer o agrupamento da aula de 3º e 4º de Primaria do CEIP "Antonio Blanco", no concello de Covelo (Pontevedra).

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/10/2018 10:39:46**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 10:42
Nº Rexistro: 38264
Data envío: 05/10/2018 10:42:30.456

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/10/2018 10:39:52**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 05/10/2018 10:39:57**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/10/2018 10:40:08**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 10:55
Nº Rexistro: 38269
Data envío: 05/10/2018 10:55:31.109

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e , ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que "*os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria*" e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento desenvolve no seu capítulo II a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 9.1 da Lei 9/2007 establece que "*o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva*", aínda que no seu punto 4 indica en que casos se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1º) A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (anterior Consellería de Medio Ambiente) elabore e publique no prazo máximo de tres meses o Plan estratéxico de subvencións da súa consellería, segundo establece a Lei 9/2007, de 9 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 10:55
Nº Rexistro: 38269
Data envío: 05/10/2018 10:55:31.109

2º) A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (anterior Consellería de Medio Ambiente) publique na páxina web da súa consellería, no prazo máximo dun mes, a totalidade dos convenios asinados en 2017 con algún concello galego, indicando o obxecto, o prazo de execución, a contía e as razóns de excepcionalidade, segundo se establece no artigo 9 da Lei de subvencións de Galicia.

3º) A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (anterior Consellería de Medio Ambiente) publique na páxina web da súa Consellería, no primeiro mes de 2019, a totalidade dos convenios asinados en 2018 con algún concello galego, indicando o obxecto, o prazo de execución, a contía e as razóns de excepcionalidade, segundo se establece no artigo 9 da Lei de subvencións de Galicia.

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/10/2018 10:49:14**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/10/2018 10:49:19**

**María Luisa Pierres López na data 05/10/2018 10:49:26**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/10/2018 10:49:31**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/10/2018 10:49:38**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Raquel Arias Rodríguez, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Sandra Vazquez Domínguez, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

**Exposición de Motivos**

O taller de Renfe de Monforte, foi durante moito tempo un referente máis dentro do importante nó ferroviario que era Monforte na rede ferroviaria nacional e galega en particular. O taller foi sometido ao longo dos anos a unha sucesión de planificacións diferentes, que o fixeron ir perdendo a entidade e o cadro de persoal que tivera noutrora.

Despois de moitos avatares, en 2016, unha reorganización dos talleres repartidos por toda España permitiu incrementar a carga de traballo do taller monfortino, que asumiu a reparación de amortiguadores na que estaba especializado o taller de Venta de Baños.

O pasado mes de febreiro de 2018, Renfe anunciaba un novo plan para os seus talleres de mantemento, do que resultaba que o taller de Monforte mantería nos próximos anos o seu nivel de actividade, alto neste momento, xa que na actualidade se reparan amortiguadores e freos para toda España.

Esta boa nova, que asegura a carga de traballo para o taller de Monforte, require contar cun cadro de persoal suficiente para atendela. O persoal que se dedica á reparación de material está formado por 12 traballadores e traballadoras, -a máis nova de 53 anos-. O cadro de persoal está facendo un importante esforzo para dar axeitada resposta, e xa ten advertido da necesidade de que se compensen as baixas por retiro, toda vez que no ano 2019, o cadro de persoal se verá reducido por esta causa.

Recentemente, teñen recibido a orde de remitir a Granada freos para a súa reparación que, en principio, estaba previsto reparar en Monforte, co custo que representa o envío de tódalas pezas cos seus kits de reparación.

É necesario contratar persoal para compensar as baixas por retiro, a fin de que a carga de traballo da que se ten dotado ao taller de mantemento de Monforte, poida ser

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

atendida en tempo e forma, e en condicións laborais axeitadas. Outra cousa sería abocar ao persoal a unhas condicións ou unha carga de traballo inasumibles, para acabar derivando o traballo a outro taller, co detrimento do taller que isto representaría.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formula a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento e a RENFE, a fin de que manteñan a carga de traballo do taller de mantemento de material de Monforte, e contraten o persoal necesario para compensar as baixas por retiro, de maneira que poidan manter e atender esa carga de traballo en tempo e forma, e en condicións laborais axeitadas".

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2.018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 05/10/2018 12:06:55**

**Jaime Castiñeira Broz na data 05/10/2018 12:07:27**

**Martín Fernández Prado na data 05/10/2018 12:07:39**

**Raquel Arias Rodríguez na data 05/10/2018 12:07:53**

**Diego Calvo Pouso na data 05/10/2018 12:08:23**

**Jacobo Moreira Ferro na data 05/10/2018 12:08:33**

**Marta Novoa Iglesias na data 05/10/2018 12:08:53**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 05/10/2018 12:09:20**

**Gonzalo Trenor López na data 05/10/2018 12:09:50**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/10/2018 12:10:08**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 12:11
Nº Rexistro: 38276
Data envío: 05/10/2018 12:11:51.222

**Daniel Vega Pérez na data 05/10/2018 12:10:30**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 12:21
Nº Rexistro: 38281
Data envío: 05/10/2018 12:21:46.317

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que "*os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria*" e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento desenvolve no seu capítulo II a planificación e contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 9.1 da Lei 9/2007 establece que "o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva", aínda que no seu punto 4 indica en que casos se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

1º) A Consellería de Medio Rural elabore e publique no prazo máximo de tres meses o Plan estratéxico de subvencións da súa consellería, segundo establece a Lei 9/2007, de 9 de xuño, de subvencións de Galicia?

2º) A Consellería de Medio Rural publique na páxina web da súa consellería, no prazo máximo dun mes, a totalidade dos convenios asinados en 2017 con algún concello galego, indicando o obxecto, o prazo de execución, a contía e as razóns de excepcionalidade, segundo se establece no artigo 9 da Lei de subvencións de Galicia.

3º) A Consellería de Medio Rural publique na páxina web da súa Consellería, no primeiro mes de 2019, a totalidade dos convenios asinados en 2018 con algún concello galego, indicando o obxecto, o prazo de execución, a contía e as razóns de excepcionalidade, segundo se establece no artigo 9 da Lei de subvencións de Galicia.

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/10/2018 11:36:06**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/10/2018 11:36:14**

**Raúl Fernández Fernández na data 05/10/2018 11:36:24**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/10/2018 11:36:33**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 13:19
Nº Rexistro: 38290
Data envío: 05/10/2018 13:19:03.920

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

**Exposición de Motivos**

Os datos de accidentalidade correspondentes ao ano 2017 en Galicia reflectiron unha tendencia positiva, por canto se rexistraron menos falecidos en vías interurbanas. Galicia situábase entón como a comunidade na que se rexistraba un maior descenso de vítimas mortais nas estradas durante o ano 2017, cun 28% de baixada fronte ao incremento do 3% rexistrado no conxunto do Estado.

Porén, esta tendencia positiva do ano 2017, coa cifra máis baixa da historia en falecidos en accidentes de tráfico, non se está manter no que levamos de 2018, cando se teñen incrementado os accidentes de tráfico con falecidos, con cifras que nestes primeiros nove meses xa igualan ás de todo o exercicio anterior.

Unha situación que nos recorda que todos debemos seguir traballando e poñendo da nosa parte: as Administracións públicas poñendo os medios ao seu alcance para tratar de reducir a sinistralidade nas estradas; pero tamén todos nós, como sociedade, debemos ser responsables e conscientes dos riscos ao volante.

En resposta a unha pregunta parlamentaria a mediados do mes de setembro no Pleno desta Cámara, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade destacaba o esforzo que viña realizando a Xunta en materia de seguridade viaria, unha materia prioritaria na acción do Goberno galego, que ten unha folla de ruta trazada que se materializa no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020. Este plan recolle un conxunto de medidas para reducir ao máximo o número de accidentes de tráfico e minimizar as súas consecuencias como: o Plan de reforzo de firmes, o Plan de sendas, a Estratexia para a eliminación dos treitos de concentración de accidentes nas estradas titularidade da Xunta, campañas de concienciación entre distintos colectivos e tamén entre os máis novos, etc.

Na súa intervención, a conselleira amosábase preocupada pola evolución da sinistralidade nas estradas galegas no que vai de 2018 e avogaba por avaliar a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 13:19
Nº Rexistro: 38290
Data envío: 05/10/2018 13:19:03.920

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

situación e adoptar as medidas necesarias. Solicitaba para isto a convocatoria, por parte da Delegación do Goberno en Galicia, da Comisión Autonómica de Tráfico e Seguridade da Circulación Viaria, na que participan os distintos axentes implicados.

Desde este grupo parlamentario sabemos que a seguridade viaria require da colaboración e da concienciación de toda a sociedade, pero tamén require de traballo conxunto, diálogo e colaboración entre as distintas administracións e axentes implicados.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formula a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1.- Reiterar ante a Delegación do Goberno en Galicia a solicitude de convocatoria da Comisión Autonómica de Tráfico e Seguridade da Circulación Viaria para abordar conxuntamente a evolución da sinistralidade nas estradas da Comunidade de cara á adopción, por parte das distintas administracións implicadas, das medidas necesarias para contribuír a paliar esta situación.

2.- Unha vez analizadas e detectadas as principais causas de sinistralidade nas estradas de titularidade autonómica, e no marco do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, que foi concibido como un plan participado, vivo e aberto a novas propostas, reforzar aquelas medidas encamiñadas a reducir os factores que con maior frecuencia inciden nos accidentes de tráfico.

3.- Fomentar, como se veu facendo nos últimos anos, unha estreita colaboración entre o Goberno galego e o Goberno do Estado en materia de seguridade viaria, implicando tamén ás Deputacións Provinciais, como organismos que contan cunha ampla rede de estradas da súa titularidade.

4.- Unha vez celebrada a reunión da Comisión Autonómica de Tráfico e Seguridade da Circulación Viaria, se remita información a este Parlamento ao obxecto de que poida ser incorporada ao ditame que está elaborando a Comisión especial non permanente de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia.”

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2.018.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 13:19
Nº Rexistro: 38290
Data envio: 05/10/2018 13:19:03.920

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 05/10/2018 13:13:05**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 05/10/2018 13:13:22**

**Jaime Castiñeira Broz na data 05/10/2018 13:13:40**

**Martín Fernández Prado na data 05/10/2018 13:14:07**

**Diego Calvo Pouso na data 05/10/2018 13:14:24**

**Jacobo Moreira Ferro na data 05/10/2018 13:14:36**

**Marta Novoa Iglesias na data 05/10/2018 13:14:47**

**Gonzalo Trenor López na data 05/10/2018 13:15:08**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/10/2018 13:15:18**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 13:48
Nº Rexistro: 38292
Data envío: 05/10/2018 13:48:44.878

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 4ª**, a respecto dos investimentos necesarios para realizar "obras maiores" do CEIP Curros Enríquez da cidade da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Curros Enríquez, enclavado no centro do barrio de Monte Alto da Coruña, vén sendo, xunto co grupo escolar Eusebio da Garda e o CEIP Labaca, un dos centros educativos de referencia da cidade da Coruña desde hai case xa 55 anos.

Na actualidade dá o servizo público de ensino de Educación Infantil e Primaria a máis de 250 crianzas deste populoso barrio da Coruña.

Asemade, desenvolve esta actividade educativa nun edificio de especial singularidade, deseñado polo arquitecto Luís Martínez Díaz, construído na década dos anos 30 do século pasado, constituíndose nun dos exemplos do art déco coruñés.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 13:48
Nº Rexistro: 38292
Data envio: 05/10/2018 13:48:44.878

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A súa distribución disponse en dúas plantas onde se sitúan as aulas para o estudantado de infantil e primaria xunto coas dependencias administrativas e de xestión, con dous patios, un exterior fronte á fachada que dá ao chamado Campo de Marte, e outro interior, con xogos para o alumnado de Educación Infantil, posuíndo dous pavillóns, un para Educación Física e outro, conformado como salón de actos, conferencias ou actividades, e onde se desenvolven a maioría de eventos organizados pola propia administración do colexio ou a ANPA.

Como dicimos, o edificio ten especial singularidade recoñecida no Catálogo do PXOM vixente (mesmo con protección existente incluída nos catálogos do PXOU de 1985 e no PXOU de 1998), e recóllese dentro do conxunto urbano do Campo de Marte, que o describe como de "certo interese e atractivo debido ás súas características artísticas, compositivas e construtivas (...)", dotándoo dun nivel de protección III.

Tendo en conta todas estas características, o centro merece unha especial atención e coidado, ao se tratar dun edificio que reúne unhas singulares características, e que combina a súa riqueza histórica cunha función social por canto desenvolve un servizo social básico como é o ensino obrigatorio nas franxas de idades comprendidas na educación infantil e primaria.

É por iso imperativo resolver todas as deficiencias que co paso dos anos están deteriorando as instalacións de xeito progresivo, asemade de adaptalas por conta, hoxe en día, ás propias necesidades do colexio, xa que logo se exixe unha actuación integral e completa que o modernice.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 13:48
Nº Rexistro: 38292
Data envío: 05/10/2018 13:48:44.878

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, cómpre realizar un cambio global da instalación eléctrica, realizada no século pasado xunto coa adaptación do edificio ao servizo educativo, e que ten provocado con anterioridade incidentes de carácter público, mesmo con incidencia no alumeado público e privado da contorna, coa intervención de operativos de seguridade (apagado de varias fases en bloques de vivendas e apagado de alumeado público do barrio na contorna do propio colexio, ou o estalido de cargas eléctricas pola exposición de cables ao contacto con auga, etc).

Do mesmo xeito, o deterioro do tellado e o movemento de tellas tamén se ten constatado, e require dunha actuación inmediata que impida filtracións de auga que puideran, por un lado, impedir o normal desenvolvemento das aulas, por outro danar as estruturas de xeito notorio.

Asemade, o patio interior, provisto dunha área de xogos para o alumnado de Educación Infantil, está descuberto, o que imposibilita durante moitos días do ano o seu uso, dadas as condicións climatolóxicas que se dan nos meses lectivos, impedindo que os nenos saian das aulas nos tempos de recreo entre clases.

Por último, na actualidade o comedor escolar atende a máis de 100 alumnos, dúas quintas partes do total das crianzas matriculadas no centro. As dependencias que se empregan son pequenas, situadas precisamente nun lateral contiguo á área infantil descuberta, e que precisa dunha ampliación que sería posíbel aproveitando varios espazos ao carón do propio comedor que na actualidade están sen uso e abertos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 13:48
Nº Rexistro: 38292
Data envio: 05/10/2018 13:48:44.878

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento galego insta ao Goberno galego a reservar nos orzamentos xerais da Xunta para o ano 2019 as partidas necesarias para a modernización e adaptación das instalacións do CEIP Curros Enríquez."

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/10/2018 13:43:52**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 13:48
Nº Rexistro: 38292
Data envío: 05/10/2018 13:48:44.878

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 05/10/2018 13:43:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/10/2018 13:43:58**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/10/2018 13:44:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/10/2018 13:44:01**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2018 13:44:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 10:38
Nº Rexistro: 38334
Data envío: 08/10/2018 10:38:09.893

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Flora María Miranda Pena** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 5ª.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Atención Temperá é un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, que ten por obxectivo dar resposta temperá ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos. Deste xeito, a Atención Temperá non se relaciona unicamente coas diversidades funcionais e ten unha dimensión comunitaria e social moi importante, configurándose como unha atención integral biopsicosocial. Asemade, a disposición de recursos suficientes para a prevención permite evitar situacións futuras de trastornos de desenvolvemento.

O Libro Branco da Atención Temperá, elaborado por asociacións e profesionais de todo o Estado, establece como principios da Atención Temperá a gratuidade, a universalidade e a transversalidade.

O Decreto 183/2013 crea a Rede Galega de Atención Temperá, pero a extensión dos servizos de Atención Temperá no territorio galego é moi deficitario e territorialmente desigual. Só 92 concellos contan con servizos de proximidade de Atención Temperá, quedando gran parte do territorio galego sen cobertura, habendo comarcas ben cubertas e outras con sobrecarga asistencial, dándose demoras superiores aos 50 días para a primeira consulta, cando o estándar

internacional é de 30 días como máximo. Esta situación é aínda máis alarmante no contexto da crise económica e os seus efectos de desigualdade e pobreza, pois acentúanse as necesidades da Atención Temperá nestas circunstancias.

O financiamento dos servizos da Rede Galega de Atención Temperá realízase a través da convocatoria dunha liña de subvencións por parte da Xunta, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo PO FSE Galicia 2014-2020, destinadas ás entidades locais. Ademais, a Xunta subvenciona tres unidades de atención temperá (UDIAF) xestionadas pola AGAT, coa que mantén un convenio de colaboración. 1,4 millóns de euros consignados nos Orzamentos de 2018 para a Atención Temperá son claramente insuficientes, precisándose, segundo a AGAT, entre 30 e 40 equipos comunitarios para cubrir todas as comarcas galegas, o que faría preciso triplicar este orzamento. Para achegarse á media estatal, Galicia debería ter xa un investimento en AT en torno a 6-7 millóns de euros. O investimento en Atención Temperá por crianza/ano da Xunta é de 14 €, moi por baixo de Madrid, a segunda CA que menos dedica (29 €) ou Catalunya, a que máis (91 €).

A financiación dos servizos de Atención Temperá é inestable, pois entre que sae a orde de subvencións do ano seguinte (en torno a abril) e remata a vixente (31 de outubro) pasan meses nos que o servizo continúa por vontade dos concellos, con fondos propios. Isto xera inestabilidade profesional, coa conseguinte falta de formación e coordinación das equipas e as dificultades para afondar en mecanismos de vinculación e cooperación coa infancia e familias usuarias da Atención Temperá.

Por outra parte, os criterios de valoración das solicitudes son moi esixentes e as fórmulas de xustificación moi burocratizadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 10:38
Nº Rexistro: 38334
Data envío: 08/10/2018 10:38:09.893



O que se subvenciona por hora de traballo nos servizos de Atención Temperá é excesivamente baixo (19,42 € por hora traballada), por baixo da media estatal, a pesares de ser un servizo moi especializado.

As tres UDIAF amosan un alto grao de satisfacción por parte das familias usuarias.

No caso da UDIAF do Salnés é necesario un reforzo, pois hai lista de agarda e priorízanse tarefas de asistencia sobre as de prevención. A falta de recursos neste tipo de servizos obriga a priorizar o nivel asistencialista e non traballar o suficiente en prevención.

Galiza é a Comunidade Autónoma do Estado que, con moita diferencia, menor orzamento adica á Atención Temperá e que menor porcentaxe de poboación infantil cobre.

Ademais do atraso orzamentario de Galiza a respecto do resto do Estado, hai tamén un atraso normativo. Isto motiva que aínda non exista un sistema regulador das instalacións e dotacións dos equipos en función das necesidades e da poboación diana a cubrir. Por iso, é fundamental desenvolver unha Orde que concrete o Decreto 183/2013.

Por outra parte, a formación de todos e todas as profesionais implicadas na detección precoz de síntomas en nenos e nenas susceptibles de acudir a Atención Temperá é escasa.

Ademais, en 2014 formalizouse o Protocolo de coordinación e intervención en Atención Temperá, pero non hai unha coordinación interadministrativa suficiente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 10:38
Nº Rexistro: 38334
Data envio: 08/10/2018 10:38:09.893

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Na actualidade non hai un software unificado para estes servizos, a pesares de que a AGAT fixo entrega á Xunta e á empresa INDRA dun programa informático de contrastada eficacia para facilitar a xestión e avaliación unificada dos centros, sen que a Administración dera resposta algunha. A inexistencia deste software provoca que as e os profesionais dos equipos de Atención Temperá teñan que usar gran número de horas en tarefas burocráticas.

Tendo en conta que a Atención Temperá é un servizo esencial para garantir a igualdade de condicións entre todas as nenas e nenos, é necesario acadar a poboación que precise este servizo (como mínimo, o 5% da poboación infantil), sexa cal sexa a súa situación xeográfica, mellorar a detección precoz, dispor dunha rede comunitaria que posibilite a intervención social coas familias, garantir a alta cualificación profesional e especialización das e dos profesionais da Atención Temperá e facilitar o seu traballo en rede. Fronte a isto, a Xunta conxelou o investimento en Atención Temperá e paralizou o desenvolvemento do Decreto 183/2013 e dos seus organismos de coordinación, así como o desenvolvemento da Axenda de Atención Temperá 2015-2017 e o Plan de Formación da EGAP.

Polo exposto, preséntanse a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Triplicar, polo menos, nos Orzamentos da Xunta do vindeiro ano, o investimento na Rede Galega de Atención Temperá, consignando crédito de, polo menos, 6 millóns de euros.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2. Desenvolver un Plan de consolidación e extensión dunha Rede de Atención Temperá accesible, próxima e gratuíta, que garanta a cobertura do 5% da poboación infantil en 2020.

3. Desenvolver un sistema de financiamento estable para a Rede de Atención Temperá con recursos propios da Xunta.

4. Desenvolver unha Orde que regule o Decreto 183/2013, solicitando a a colaboración da Asociación Galega de Atención Temperá.

5. Incluír no desenvolvemento da Orde o desenvolvemento dun software actualizado e profesional para a xestión dos servizos.

6. Crear un organismo administrativo específico no organigrama da Xunta de Galicia para coordinar, desenvolver, xestionar e avaliar a Rede Galega de Atención Temperá.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Flora Miranda Pena

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 08/10/2018 10:32:29**

**Flora María Miranda Pena na data 08/10/2018 10:32:35**

**Luis Villares Naveira na data 08/10/2018 10:32:42**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 38442
Data envío: 09/10/2018 17:53:32.307

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Diario Oficial de Galiza do luns 19 de marzo de 2018 recollíase a publicación da Resolución do 26 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente para declarar Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de xardín histórico, o Parque do Pasatempo de Betanzos, que iniciaba o procedemento para declarar coma Ben de Interese Cultural o parque betanceiro do Pasatempo.

Segundo o procedemento previsto, o prazo máximo para a declaración coma BIC será de 24 meses, a contar desde a publicación desta Resolución que incoa o procedemento. Isto é, alongarase, previsiblemente, ata o 26 de febreiro de 2020. En todo este tempo, o Concello de Betanzos vense negando a realizar as máis elementais tarefas de conservación- e aínda de reposición do mural do Estanque da Gruta que se desprendeu a principios de febreiro do pasado 2017- argumentando que todas as actuacións se farán da man dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio en canto se declare, de chegar o caso, BIC o conxunto do xardín histórico. Quere dicir isto que tais

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 38442
Data envio: 09/10/2018 17:53:32.307

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuacións elementais de conservación e profilaxe adiaranse, segundo parecer do Concello, até marzo de 2020 cando menos.

Contrasta esta negativa a actuar coa diagnose existente no propio Concello co estado de conservación do parque, pormenorizada nun anteproxecto de actuacións asinado por varios arquitectos e expertos en patrimonio xa no ano 2016, que urxía a actuar sobre problemas de filtracións, humidades, fendas e outras ameazas directas para a conservación do parque, como a estrada de circunvalación que discorre pegada a el ou a pasarela de ferro que descansa sobre o muro que parcialmente se veu abaixo.

Dito proxecto taxaba en torno a 1,3 millóns de euros a rehabilitación do Pasatempo. Desa contía, a Deputación da Coruña comprometeu o pasado 23 de marzo, 598.998,40 euros que se destinarán ás obras de rehabilitación do que Luís Seoane cualificara de "parque enciclopédico". O pasado 25 de setembro o Concello de Betanzos aprobou destinar 200 000 euros do remanente do anterior exercicio a estes mesmos traballos. Os orzamentos municipais prevían 160 000 euros para a redacción do proxecto de rehabilitación, se ben, segundo a Alcaldía, tal gasto non será preciso posto que a Dirección Xeral de Patrimonio tería realizado o compromiso de correr con dita redacción pola súa conta en paralelo á tramitación do expediente incoado de cara á declaración como BIC do Pasatempo.

Así as cousas, de ser certas todas estas cuestións que neste grupo coñecemos por referencias e comunicados de prensa dos gobernos galego e betanceiro, estariamos en que non habería proxecto para rehabilitar, cando menos, ate o segundo semestre do 2020 e aínda habería que licitar a obra e executar os traballos. Un tempo moi excesivo, ao noso entender, para garantir a conservación axeitada do centenario parque que complica a súa conservación e, desde logo e á vista do acontecido nos últimos anos, complicará a súa rehabilitación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 38442
Data envio: 09/10/2018 17:53:32.307

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

-Tramitar por trámite de urxencia a declaración de ben de interese cultural do Pasatempo, e reducir os prazos á metade para garantir unha pronta protección.

-Incluír fondos suficientes para executar a rehabilitación do Pasatempo a tres bandas, xunto co Concello e a Deputación consonte aos compromisos anunciados por todos estes gobernos."

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2018 17:52:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2018 17:52:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2018 17:52:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2018 17:52:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2018 17:52:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2018 17:52:15**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38449
Data envío: 09/10/2018 18:44:08.522

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª,** sobre a oferta de formación profesional no Concello de Vilalba.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Falar de formación profesional supón falar de calidade do sistema educativo galego e de igualdade de oportunidades. Unha cuestión que afecta tamén ás posibilidades laborais e finalmente, á emigración ou estabilización da mocidade nos lugares nos que viven.

Nese senso cabe entender a demanda feita por Vilalba Aberta cando reclama coma urxente unha ampliación da formación profesional que axude a facer competitiva a estrutura produtiva do Concello, co fin de mellorar as condicións de empregabilidade dun segmento de poboación, a mocidade, líder involuntario de todas as clasificacións de datos de paro.

Neste senso, resulta imprescindible a adaptación da oferta da formación profesional a unha contorna laboral que mudou definitivamente nos últimos anos, máxime se temos presente estudos recentes como o realizado pola OCDE “As competencias máis aló da escola”, que estiman xa que ata 2020 preto de dous terzos do crecemento no emprego terá lugar na categoría de técnicos titulados de Formación Profesional en Grao Medio e Superior.

Con todo, parece inevitable facer referencia ás posibilidades que, en termos de formación e de inserción de emprego, suporía para a mocidade vilalbesa a posta

en marcha no Concello de dous dos ciclos que mellor atenden á realidade dun municipio eminentemente agrario e que se caracteriza, ao tempo, por contar con dúas das mais importantes empresas de transformación de leite, isto é: o curso FP de Explotacións Agrarias Extensivas e o de Procesos e calidade na industria alimentaria.

Porque o futuro das nosas explotacións está en risco, en tanto que non resulta fácil a substitución xeracional sen a necesaria e oportuna formación. Unha formación, paralelamente, sen a cal o traballo agrario está inxustamente infravalorado. Neste senso, é hoxe máis necesario ca nunca poñer en valor o traballo agrario para que as mozas e os mozos o vexan como unha oportunidade de futuro e se recupere o interese por continuar coas actividades iniciadas polas súas familias, modernizándoas e adaptándoas a unha novas tecnoloxías que as fagan competitivas no contexto actual. Ao tempo, o anteriormente citado ciclo de Procesos e calidade na industria alimentaria, e que pola vía da específica formación en tarefas de xestión da produción, organización, control, investigación, así coma no que ten que ver co desenvolvemento, calidade e seguridade alimentaria; suporía, do mesmo xeito, a tan necesaria adaptación da oferta formativa ás verdadeiras necesidades produtivas, neste caso, do - non precisamente amplo - tecido empresarial de Vilalba.

Neste senso cabe entender a nosa proposta, a fin de converter - a medio/longo prazo – ao Concello de Vilalba nun referente do sector agroalimentario, en base a unha crecente densidade gandeira, ao repunte e consolidación da produción ecolóxica e de proximidade e á calidade innovadora dunhas explotacións, que se conciban competitivas ao tempo que respectuosas co medio ambiente.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a adaptar a Formación Profesional ofertada en Vilaba á realidade socioeconómica do concello mediante a incorporación dos ciclos formativos de Explotacións Agrarias Extensivas e Procesos e calidade na industria alimentaria.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 09/10/2018 18:38:28**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/10/2018 18:38:37**

**Luis Villares Naveira na data 09/10/2018 18:38:48**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38452
Data envio: 09/10/2018 20:15:20.734

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á petición realizada aos grupos da cámara por CIG-SAÚDE en relación á rematar coa taxa de reposición.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A organización sindical CIG-SAÚDE dirixiu escrito a todos os grupos parlamentares con representación no Parlamento de Galiza co seguinte contido:

*Nestes días como consecuencia do fatal incidente que se produciu no PAC da Estrada e que tivo como consecuencia a morte dunha persoa, estase a producir no Parlamento un debate sobre a necesidade de Recursos Humanos no SERGAS.*

*O debate do cadro de persoal do SERGAS, a amortización de prazas, a contratación en precario... é un debate recorrente sen que o goberno da Xunta de Galiza tome as medidas necesarias.*

*Desde CIG-SAÚDE en reiteradas ocasións solicitamos reunións con todos os grupos políticos para tratar de que se corrixa esta situación. As nosas propostas simplemente non se tiveron en conta, ou foron rexeitadas cando as levou a debate na cámara algún grupo parlamentario.*

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38452
Data envio: 09/10/2018 20:15:20.734

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*A pesar de ser ignoradas por unha maioría dese Parlamento, e dada a gravidade da situación, desde CIG-SAÚDE dirixímonos, unha vez máis, a vostedes.*

*Os recortes matan. Esta afirmación, por desgraza, confírmase, mais isto ten un nome: taxa de reposición. Esta taxa é a que impide que no SERGAS se incorporen novas/os profesionais para dar cobertura ás prazas vacantes producidas no sistema desde o ano 2010.*

*Como vostedes saben a taxa de reposición foi do 10% nos anos 2010/11/12/13/14; do 50% no ano 2015 e a partires do ano 2016 do 100% con fraude porque só se repoñen o 100% das prazas vacantes producidas no ano anterior, non o total das prazas que quedaron vacantes no sistema.*

*Esta taxa de reposición mantense a consecuencia do acordo sindical asinado en Madrid polas organizacións sindicais estatais e o goberno do PP, que o impuxeron como norma básica de obrigado cumprimento en todo o Estado vulnerando, deste xeito, as competencias das Comunidades Autónomas e as dos Servizos de Saúde.*

*Se Galiza ten a competencia en materia sanitaria e a responsabilidade da asistencia sanitaria é súa, como é posible que desde Madrid se xestione o cadro de persoal do SERGAS.*

*Este é o acordo sindical ao que nos referimos. E a taxa de reposición manterase, se non se anula até o 2020:*

*"ACORDO SINDICAL.*

*III. OTRAS DISPOSICIONES*

*MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38452
Data envio: 09/10/2018 20:15:20.734

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*4222*

*Resolución de 22 de marzo de 2018, de la Secretaría de Estado de Función Pública, por la que se publica el II Acuerdo Gobierno-Sindicatos para la mejora del empleo público y las condiciones de trabajo.*

*Núm. 74 Lunes 26 de marzo de 2018 Sec. III. Pág. 32966*

*El 9 de marzo de 2018 el Gobierno de España, a través de su Ministro de Hacienda y Función Pública, y las organizaciones sindicales CCOO, UGT, y CSIF …*

*1. Las Administraciones Públicas que en el ejercicio anterior hayan cumplido el objetivo de estabilidad presupuestaria, deuda y la regla de gasto tendrán una tasa de reposición de efectivos de hasta el 100 % para todos los sectores, funciones y servicios."*

*Segundo o decreto 206/2005 de provisión e selección de persoal estatutario do SERGAS, nos concursos de traslado convocaranse o 100% das prazas vacantes do sistema. Por iso no concurso de traslados de 2018 ofertáronse arredor de 6.000 prazas.*

*Este mesmo Decreto di que o 100% que previamente se ofertaron para o concurso de traslado e que quedaron vacantes en distintos destinos teñen que ser as ofertadas na OPE.*

*Porén, a Xunta de Galiza, no canto de abrir unha oferta de emprego para dar cobertura a esas 6.000 prazas, só ofertou 1.732.*

*Isto dá unha idea da falta de persoal que ten o noso sistema sanitario público. Unha situación que é consecuencia directa da taxa de reposición que se nos impón.*

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*O máis grave é que esas 6.000 prazas son cubertas por persoal interino e faltan prazas estruturais, cubertas ou non con contratos eventuais que non saen na oferta.*

*Deste xeito o que temos é un sistema sanitario infradotado de persoal e cunha importante parte do que ten en situación de precariedade laboral.*

*Prazas ofertadas*

*Os datos relativos ás prazas ofertadas están na web do SERGAS, no apartado de emprego público. Mais permítannos facilitarlle o traballo cos datos que temos. Faltan os datos das/os facultativos de hospitais, que teremos no próximo concurso de traslados.*

*Lémbrense de que estas prazas son as que están cubertas con persoal interino e que faltan todas as prazas estruturais cubertas con persoal eventual.*

| | | |
|---|---|---|
| *Oferta prazas concurso traslados 2017. Prazas cubertas con persoal interino.* | *Oferta prazas OPE dos anos 2012/13/14/15/16/17.* | *Prazas que faltan sen contar as prazas estruturais cubertas con eventuais* |
| *Médicos de familia: 409 prazas* | *Médicos de Familia 323 prazas OPE* | *Faltan 83 prazas das cubertas con interinidade* |
| *Pediatras de atención* | *Pediatras 10 prazas* | *Faltan 93 prazas.* |

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38452
Data envío: 09/10/2018 20:15:20.734

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

| | | |
|---|---|---|
| *primaria: 103 prazas* | *OPE.* | |
| *Matronas: 84 prazas* | *Matronas 7 prazas OPE.* | *Faltan 81 prazas* |
| *Enfermeiras/os:1.761 prazas* | *Enfermeiro/as 1.035 prazas OPE* | *Faltan 726 prazas* |
| *TCAEs: 1.172 prazas* | *TCAEs 490 prazas OPE* | *Faltan: 682 prazas* |
| *Celador/a: 516 prazas.* | *Celadoras/es 390 prazas OPE* | *Faltan 126 prazas* |

*Ante esta situación, desde CIG-SAÚDE solicitamos de todos os grupos políticos do Parlamento de Galiza unha solución real a esta situación, que pasa por acordar que:*

*O Parlamento de Galiza aproba por unanimidade unha proposición de Lei dirixida ao goberno do Estado para rematar coa fórmula de cómputo da taxa de reposición. É dicir, a taxa de reposición que se inclúa nos orzamentos do Estado do ano 2019 será do 100% de todas as prazas vacantes.*

*O Parlamento de Galiza insta á Consellaría de Sanidade, unha vez anulada a fórmula de cómputo da taxa de reposición, a negociar na mesa sectorial do SERGAS,*

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*un plano de emprego para recuperar todas as prazas vacantes do Sistema Público de Saúde.*

*Se o goberno do Estado español non acepta retirar a fórmula de cómputo da taxa de reposición, demandamos que a devandita taxa de reposición non teña carácter de norma básica, para que non invada as competencias da Xunta de Galiza.*

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fai propia a demanda que realiza CIG-Saúde e por esa razón presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español en esixencia da eliminación da taxa de reposición como norma de carácter básico, xa que a mesma invade as competencias da Xunta de Galiza. A taxa de reposición a incluír nos orzamentos do ano 2019 será do 100% de todas as prazas vacantes.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que unha vez anulada a fórmula de cómputo da taxa de reposición, proceda a negociar nas mesas sectoriais plans de emprego para recuperar todas as prazas vacantes do Sistema Público da Xunta de Galiza."

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38452
Data envio: 09/10/2018 20:15:20.734

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2018 20:14:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2018 20:14:58**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2018 20:14:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2018 20:15:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2018 20:15:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2018 20:15:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:02
Nº Rexistro: 38502
Data envio: 10/10/2018 10:02:30.794

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª,** relativa á modificación do Camiño Primitivo entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, na Fonsagrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez máis comprobamos como as intervencións da Axencia de Turismo de Galicia deixan unha terrible pegada sobre os diferentes camiños de Santiago.

Neste caso falamos do Camiño Primitivo e de como sobre el actuou maquinaria pesada, nivelaron o terreo, cimentaron con sumidoiros, rechearon con cascallo e xabre. Son parte das desfeitas que fixo a **Axencia de Turismo de Galicia** nun tramo do **Camiño Primitivo** entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, na Fonsagrada, denunciadas polo Foro do Camiño á organización de vixilancia do patrimonio ICOMOS, vencellada a Nacións Unidas.

O Foro, que integra a trinta colectivos a prol dos itinerarios xacobeos, censura "a construción dun novo Camiño de Santiago no século XXI" a cargo da Axencia Galega de Turismo da Xunta. Estas actuacións son habituais dende hai dous anos, chegando a alterar ata tres veces o mesmo treito.

Tal e como denuncia o Foro "Esta nova e gravísima modificación da arquitectura e paisaxe do Camiño Primitivo conleva a perda irremisible da súa memoria inmaterial asociada á vía milenaria tradicional, así como d**o seu valor histórico e cultural**",

Así, denuncian que o proceso de pavimentación implica a "**uniformización e desnaturalización" da ruta de peregrinación** a Compostela, "perdéndose

definitivamente o fío condutor co pasado, a súa diversidade, integridade e autenticidade”. A construción deste novo camiño de cemento por riba da traza medieval traspasa os límites de reforma, polo que se solicita a ICOMOS promover a aplicación dos criterios de protección.

Hai que destacar, que alén dun recurso turístico moi valioso, os Camiños de Santiago teñen un valor patrimonial fundamental como *camiños históricos* que debe ser preservado. Ademais dunha enorme riqueza paisaxística e cultural que temos que protexer.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Restituír o trazado orixinal.
2. Garantir a aplicación dos criterios de protección nas intervencións que se fan no Camiño.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:02
Nº Rexistro: 38502
Data envío: 10/10/2018 10:02:30.794

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 10/10/2018 09:51:50**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2018 09:51:58**

**Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 09:52:06**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 10:25
Nº Rexistro: 38506
Data envio: 10/10/2018 10:25:52.794

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª,** sobre a necesidade de aprobación dun plan estratéxico para o sector ovino e caprino de Galicia.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A asociación OVICA (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia) constituída no ano 1994 denuncia a falta dun plan estratéxico por parte da Xunta de Galicia. A profesionalización deste sector farase coa comercialización e valoración do produto final: a excelente carne tanto de cordeiro como de cabrito que se produce en Galicia, que se ve reforzado polo asociacionismo. Existen en Galicia mais de 20.000 explotación de ovino e cabrún complemento doutras actividades ou como principal.

Entre as principais reivindicacións do sector atopamos as seguintes:

1.- Necesidade de protección e defensa dos aproveitamentos silvopastorais a través do coeficiente de admisibilidade aos que a Xunta de Galicia aplicou unha redución sobre a xustificación da admisibilidade dos pastos arbustivos e pastos sobre arborado que afectou ao 85% do territorio galego. O coeficiente de admisibilidade reduciuse a 0.

2.- Necesidade e coñecemento das consecuencias desta redución para as axudas provenientes da PAC para os aproveitamentos silvopastorais.

3.- Necesidade de coñecer como afectan estes cálculos para a solicitude e concesións das axudas agroambientais e axudas para zonas con limitacións naturais.

4.- Necesidade dunha liña específica de axudas que teña en conta que as especies leñosas e arbustivas constitúen a alimentación de ovellas e cabras que si recoñece a comisión europea a través da Lei Ómnibus, co establecemento da singularidade do aproveitamento con pastoreo e coa supresión da obriga da consolidación herbácea.

5.- Descoñecemento da nova normativa e da súa aplicación, así como do seu traslado ao persoal técnico para a tramitación das solicitudes unificadas da Política Agraria Común.

6.- Necesidade de recuperar o programa de implantación e mellora de pastos en Montes Veciñais en Man Común (en vigor desde o ano 1984 ata 2015) que contribuíu ao desenvolvemento rural.

En relación tamén coas axudas da PAC, os/as gandeiros/as de ovino e de cabrún somos son os únicos perceptores de axudas acopladas que NON se nos comunicou o motivo das axudas acopladas (nin por correo postal, nin vía correo electrónico ou SMS, nin por publicación no D.O.G.)

É necesario pois contar coas asociacións de ovino e caprino, para o desenvolvemento socioeconómico deste sector coas axudas pertinentes das administración. Estas asociacións de produtores constitúen unha ferramenta que fixa poboación no rural, así como o desenvolvemento de tecido económico das zonas rurais, e outros tipos de iniciativas ligadas a elas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, sobre a necesidade de aprobar un plan estratéxico para o sector ovino e caprino de Galicia.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Desenvolver e aprobar un plan estratéxico do sector ovino e caprino de Galicia, contando coa participación efectiva de todos os produtores e asociacións dedicadas a estes sectores.

2.- Protexer e defender os aproveitamentos silvopastorais no territorio galego para o aceso por  gandeiros de ovino e caprino das axudas previstas na lei, nomeadamente para a solicitude da PAC, axudas agro-ambientais e axudas para zonas con limitacións naturais entre outras.

3.- Aprobar unha liña específica de axudas relacionadas coa valoración das especies leñosas e arbustivas, alimento destas dúas especies, e aplicación da normativa da Comisión Europea de aproveitamento singular e supresión da consolidación herbácea.

4.- Recuperar o programa de implantación e mellora de pastos en Montes Veciñais en Man .

5.- Clarificar e aplicar a normativa procedente da UE á campaña do 2018 así como formar ao persoal técnico para o seu coñecemento e aplicación na tramitación das axudas.

6.- Realizar a comunicación oficial das non percepcións das axudas PAC, para que os gandeiros que non percibiron a axuda e teñen dereito a ela, poidan reclamar e cobrar polo que teñen dereito.

7.- Sacar unha nova oferta formativa de cursos para aprender a manexar as ferramentas informáticas como a propia Oficina Agraria Virtual ou a plataforma telemática da sede electrónica.

8.- Desenvolver a creación dunha Escola de Pastores de ovino e cabrún que regule a formación e capacite as aptitudes para o futuro desenvolvemento das actividades dos nosos gandeiros/as de ovino e cabrún como teñen en outras comunidades autónomas como Extremadura, Aragón ou recentemente na Comunidade Valenciana.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Luís Villares Naveira
Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 10/10/2018 09:47:10**

**Antón Sánchez García na data 10/10/2018 09:47:24**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 09:47:33**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 12:21
Nº Rexistro: 38516
Data envío: 10/10/2018 12:21:33.114

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sanchez García** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7.ª,** sobre as obras que a Consellería executou no monte de titularidade pública do Concello de Manzaneda e que acabou afectando á rede de abastecemento das parroquias de San Martiño.

O Concello de Manzaneda posúe montes de titularidade pública dentro do seu termo municipal, montes que están conveniados ca Consellería de Medio Rural que é a que xestiona o seu uso.

En datas recentes, a Consellería de Medio Rural, realizou labores de restauración dos cortalumes, non facendo ao remate labores de contención para que non sucederan os arrastres que provocaron que 7 tanques de abastecemento e km de rede quedaran atuídos de terra, afectando a 8 vilas, entre elas a cabeceira do concello.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer un plan de recuperación dos tanques de abastecemento das parroquias afectadas, así como labores de contención nos cortalumes para que non se repita este desastre.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 12:21
Nº Rexistro: 38516
Data envío: 10/10/2018 12:21:33.114

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 10/10/2018 11:38:16**

**Antón Sánchez García na data 10/10/2018 11:38:25**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 13:46
Nº Rexistro: 38525
Data envío: 10/10/2018 13:46:32.175

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Flora María Miranda Pena,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª**, sobre a cobertura do posto de especialista en audición e linguaxe no CEIP de Cariño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O novo inicio de curso veu acompañado de recortes en numerosos centros do país, como no CEIP Manuel Fraga Iribarne de Cariño, un centro do rural que conta cun total de 10 aulas. Nestes últimos anos o alumnado con necesidades educativas especiais aumentou significativamente, das 10 aulas, 5 contan con alumnado con necesidades severas, así diagnosticadas polo correspondente equipo específico. De feito, este novo curso comeza cun neno máis con necesidades severas. Ademais, 12 nenas e nenos  deben traballar co profesorado de Audición e linguaxe debido a outras dificultades detectadas polo equipo de orientación.

Porén, malia que as necesidades, como dicíamos, aumentaron, os recursos decrecen ao verse reducida á metade a ocupación da especialista en Audición e Linguaxe, que neste curso comparten con outro centro, cando o curso pasado non era así:

| | Alumnos necesidades severas | Alumnos aue precisan do reforzo de Audición e Linguaxe | Nº de días de Audición e Linguaxe no centro |
|---|---|---|---|
| **Curso 2017/1018** | 4 | 12 | 5 |
| **Curso 2018/2019** | 5 | 12+2 pendentes | 3 |

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 13:46
Nº Rexistro: 38525
Data envio: 10/10/2018 13:46:32.175



Ante esta situación a ANPA A Basteira púxose en contacto con inspección territorial, e outros membros da Consellería que non fan máis que ignorar as súas demandas, mantendo unha situación dificilmente sostible para toda a comunidade educativa que se ve incapaz de atender correctamente as necesidades detectadas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Dadas as necesidades gravísimas dalgún alumno en particular, procedería a reavaliación da atención personalizada durante todo o horario lectivo.

- Devolver, de xeito inmediato, a ocupación concreta da especialista en audición e linguaxe de xeito que as necesidades citadas podan ser correctamente atendidas.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Flora Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 10/10/2018 13:40:09**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2018 13:40:18**

**Flora María Miranda Pena na data 10/10/2018 13:40:28**

**Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 13:40:35**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38529
Data envío: 10/10/2018 14:03:29.323

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta con 21.709 granxas de ovino-cabrún cunha media de 10 animais por granxa. Delas 76 teñen máis de 250 cabezas.

Estamos a falar pois dun gran número de explotacións de autoconsumo, de entretemento e de gando substitutivo de pasadas granxas de vacún que non tiveron continuidade e que os propietarios son xente de idade avanzada. Estas conviven cun sector profesionalizado, puxante e en pleno desenvolvemento que augura un futuro sostible e de aceptable rendemento económico se as circunstancias non llo impiden.

Gran parte deste gando miúdo aliméntase en extensivo cumprindo unha función de alto valor na actualidade por controlar en amplas zonas a maleza e matogueira do monte sendo un cortalumes de primeira calidade.

A regulamentación en canto ó sacrificio é un dos atrancos que o sector profesional ten hoxendía. O prezo por sacrificio é prohibitivo (entre 10 e 30 euros por animal) ó que hai que engadir o transporte ata o matadoiro, e o despece, envasado ó baleiro e transporte en frío a destino (de ser o caso, en venda directa).

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se o gandeiro non é capaz de repercutir os custes no prezo de venta final, opta pola vía máis rápida (non crotalizar ó non existir obriga antes dos 6 meses e matar na casa e vender ó veciño/a sen garantías sanitarias).

Velaí unha mostra de como unha lexislación que persegue garantías sanitarias para o consumidor se volve en contra de si mesma e produce o efecto contrario, por n0on se adaptar á realidade.

Existe tamén a posibilidade de vender ó tratante de turno, case sempre a prezos excesivamente baixos pois se non se venden, pásanse de quilos e teñen que quedaren na corte como reprodutores. Os tratantes, que son coñecedores desta realidade presionan conseguindo prezos de gandeiros non profesionais, xubilados ou xente con outra actividade, arredor de 35/40 euros por animal. Carto fácil.

As consecuencias son: competencia desleal cos gandeiros máis profesionais que cumpren a normativa sanitaria, menor volume de canais sacrificados por cauces legais (2/3 partes da produción de ovino e cabrún galegas non pasa por matadoiro ) e polo tanto aínda máis encarecemento do prezo. Os matadoiros prefiren centrarse nas liñas de sacrificio de vacún e porcino.

A Atención Temperá é un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, que ten por obxectivo dar resposta temperá ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos. Deste xeito, a Atención Temperá non se relaciona unicamente coas diversidades funcionais e ten unha dimensión comunitaria e social moi importante, configurándose como unha atención integral biopsicosocial. Asemade, a disposición de recursos suficientes para a prevención permite evitar situacións futuras de trastornos de desenvolvemento.

O Libro Branco da Atención Temperá, elaborado por asociacións e profesionais de todo o Estado, establece como principios da Atención Temperá a gratuidade, a universalidade e a transversalidade.

O Decreto 183/2013 crea a Rede Galega de Atención Temperá, pero a extensión dos servizos de Atención Temperá no territorio galego é moi deficitario e territorialmente desigual. Só 92 concellos contan con servizos de proximidade de Atención Temperá, quedando gran parte do territorio galego sen cobertura, habendo comarcas ben cubertas e outras con sobrecarga asistencial, dándose demoras superiores aos 50 días para a primeira consulta, cando o estándar internacional é de 30 días como máximo. Esta situación é aínda máis alarmante

no contexto da crise económica e os seus efectos de desigualdade e pobreza, pois acentúanse as necesidades da Atención Temperá nestas circunstancias.

O financiamento dos servizos da Rede Galega de Atención Temperá realízase a través da convocatoria dunha liña de subvencións por parte da Xunta, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo PO FSE Galicia 2014-2020, destinadas ás entidades locais. Ademais, a Xunta subvenciona tres unidades de atención temperá (UDIAF) xestionadas pola AGAT, coa que mantén un convenio de colaboración. 1,4 millóns de euros consignados nos Orzamentos de 2018 para a Atención Temperá son claramente insuficientes, precisándose, segundo a AGAT, entre 30 e 40 equipos comunitarios para cubrir todas as comarcas galegas, o que faría preciso triplicar este orzamento.  Para achegarse á media estatal, Galicia debería ter xa un investimento en AT en torno a 6-7 millóns de euros. O investimento en Atención Temperá por crianza/ano da Xunta é de 14 €, moi por baixo de Madrid, a segunda CA que menos dedica (29 €) ou Catalunya, a que máis (91 €).

A financiación dos servizos de Atención Temperá é inestable, pois entre que sae a orde de subvencións do ano seguinte (en torno a abril) e remata a vixente (31 de outubro) pasan meses nos que o servizo continúa por vontade dos concellos, con fondos propios. Isto xera inestabilidade profesional, coa conseguinte falta de formación e coordinación das equipas e as dificultades para afondar en mecanismos de vinculación e cooperación coa infancia e familias usuarias da Atención Temperá.

Por outra parte, os criterios de valoración das solicitudes son moi esixentes e as fórmulas de xustificación moi burocratizadas.

O que se subvenciona por hora de traballo nos servizos de Atención Temperá é excesivamente baixo (19,42 € por hora traballada), por baixo da media estatal, a pesares de ser un servizo moi especializado.

As tres UDIAF amosan un alto grao de satisfacción por parte das familias usuarias.

No caso da UDIAF do Salnés é necesario un reforzo, pois hai lista de agarda e priorízanse tarefas de asistencia sobre as de prevención. A falta de recursos neste tipo de servizos obriga a priorizar o nivel asistencialista e non traballar o suficiente en prevención.

Galiza é a Comunidade Autónoma do Estado que, con moita diferencia, menor orzamento adica á Atención Temperá e que menor porcentaxe de poboación infantil cobre.

Ademais do atraso orzamentario de Galiza a respecto do resto do Estado, hai tamén un atraso normativo. Isto motiva que aínda non exista un sistema regulador das instalacións e dotacións dos equipos en función das necesidades e da poboación diana a cubrir. Por iso, é fundamental desenvolver unha Orde que concrete o Decreto 183/2013.

Por outra parte, a formación de todos e todas as profesionais implicadas na detección precoz de síntomas en nenos e nenas susceptibles de acudir a Atención Temperá é escasa.

Ademais, en 2014 formalizouse o Protocolo de coordinación e intervención en Atención Temperá, pero non hai unha coordinación interadministrativa suficiente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 10:35
Nº Rexistro: 38331
Data envío: 08/10/2018 10:35:22.235

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Na actualidade non hai un software unificado para estes servizos, a pesares de que a AGAT fixo entrega á Xunta e á empresa INDRA dun programa informático de contrastada eficacia para facilitar a xestión e avaliación unificada dos centros, sen que a Administración dera resposta algunha. A inexistencia deste software provoca que as e os profesionais dos equipos de Atención Temperá teñan que usar gran número de horas en tarefas burocráticas.

Tendo en conta que a Atención Temperá é un servizo esencial para garantir a igualdade de condicións entre todas as nenas e nenos, é necesario acadar a poboación que precise este servizo (como mínimo, o 5% da poboación infantil), sexa cal sexa a súa situación xeográfica, mellorar a detección precoz, dispor dunha rede comunitaria que posibilite a intervención social coas familias, garantir a alta cualificación profesional e especialización das e dos profesionais da Atención Temperá e facilitar o seu traballo en rede. Fronte a isto, a Xunta conxelou o investimento en Atención Temperá e paralizou o desenvolvemento do Decreto 183/2013 e dos seus organismos de coordinación, así como o desenvolvemento da Axenda de Atención Temperá 2015-2017 e o Plan de Formación da EGAP.

Polo exposto, as deputadas e deputado que subscriben presentan a seguinte INTERPELACIÓN:

1.) - Parécelle suficiente á Xunta o crédito orzamentario dedicado á financiación da Rede Galega de Atención Temperá, 1.430.677€, o menor de todas as Comunidades Autónomas?

2.) - Que actuacións ten realizado a Xunta en relación ao programa de software que, de xeito gratuíto, lle forneceu a Asociación Galega de Atención Temperá?

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3.) - Cantas xuntanzas tiveron a Comisión Técnica e o Consello Autonómico de Atención Temperá dende a súa creación?

4.) - Que valoración fai a Xunta sobre o estado actual de desenvolvemento da Rede Galega de Atención Temperá?

5.) - Que vai facer a Xunta para garantir a estabilidade deste servizo nos vindeiros anos?

6.) - Vai a Xunta mudar o modelo de financiamento do servizo e garantir a súa estabilidade?

7.) - É consciente a Xunta de que a xustificación das subvencións esixe a dedicación de moitas horas a traballo burocrático?

8.) - Parécelle acaído o prezo por hora subvencionado nun servizo tan especializado?

9.) - Que opinión ten a Xunta de estar no vagón de cola do Estado en canto a desenvolvemento da Atención Temperá?

10.) - Por que a Xunta paralizou o desenvolvemento da Atención Temperá na presente lexislatura?

11.) - Vai a Xunta desenvolver normativamente o Decreto 183/2013?

12) - Cal foi o gasto efectivo do crédito orzamentado de 1.430.677, dado que hai aínda concellos coas equipas sen constituír?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 10:35
Nº Rexistro: 38331
Data envío: 08/10/2018 10:35:22.235

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

13.) - Cal é o número total de nenos e nenas que reciben Atención Temperá de proximidade?

14.) - Non considera a Xunta que coa súa paralización do desenvolvemento da Atención Temperá está mantendo en desigualdade de dereitos aos nenos e nenas galegas que precisan este servizo?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Flora María Miranda Pena

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 08/10/2018 10:26:58**

**Flora María Miranda Pena na data 08/10/2018 10:27:07**

**Luis Villares Naveira na data 08/10/2018 10:27:19**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 13:43
Nº Rexistro: 38521
Data envio: 10/10/2018 13:43:50.874

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Flora María Miranda Pena,** deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a cobertura do posto de especialista en audición e linguaxe no CEIP de Cariño.

O novo inicio de curso veu acompañado de recortes en numerosos centros do país. Como no CEIP Manuel Fraga Iribarne de Cariño, un centro do rural que conta cun total de 10 aulas. Nestes últimos anos o alumnado con necesidades educativas especiais aumentou significativamente, das 10 aulas, 5 contan con alumnado con necesidades severas, así diagnosticadas polo correspondente equipo específico. De feito, este novo curso comeza cun neno máis con necesidades severas. Ademais 12 nenas e nenos deben traballar co profesorado de Audición e linguaxe debido a outras dificultades detectadas polo equipo de orientación.

Porén, malia que as necesidades, como dicíamos, aumentaron, os recursos decrecen ao verse reducida á metade a ocupación da especialista en Audición e Linguaxe, que neste curso comparten con outro centro, cando o curso pasado non era así:

| | Alumnos necesidades severas | Alumnos aue precisan do reforzo de Audición e Linguaxe | Nº de días de Audición e Linguaxe no centro |
|---|---|---|---|
| **Curso 2017/1018** | 4 | 12 | 5 |
| **Curso 2018/2019** | 5 | 12+2 pendentes | 3 |

Ante esta situación a ANPA A Basteira púxose en contacto con inspección territorial, e outros membros da Consellería que non fan máis que ignorar as súas

demandas, mantendo unha situación dificilmente sostible para toda a comunidade educativa que se ve incapaz de atender correctamente as necesidades detectadas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

-Como pode explicar o Goberno galego que aumenten as necesidades e reduzan os recursos para atendelas?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Flora María Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 10/10/2018 13:13:27**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2018 13:13:35**

**Flora María Miranda Pena na data 10/10/2018 13:13:42**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38528
Data envío: 10/10/2018 14:03:19.322

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Galiza conta con 21.709 granxas de ovino-cabrún cunha media de 10 animais por granxa. Delas 76 teñen máis de 250 cabezas.

Estamos a falar pois dun gran número de explotacións de autoconsumo, de entretemento e de gando substitutivo de pasadas granxas de vacún que non tiveron continuidade e que os propietarios son xente de idade avanzada. Estas conviven cun sector profesionalizado, puxante e en pleno desenvolvemento que augura un futuro sostible e de aceptable rendemento económico se as circunstancias non llo impiden.

Gran parte deste gando miúdo aliméntase en extensivo cumprindo unha función de alto valor na actualidade por controlar en amplas zonas a maleza e matogueira do monte sendo un cortalumes de primeira calidade.

A regulamentación en canto ó sacrificio é un dos atrancos que o sector profesional ten hoxendía. O prezo por sacrificio é prohibitivo (entre 10 e 30 euros por animal) ó que hai que engadir o transporte ata o matadoiro, e o despece, envasado ó baleiro e transporte en frío a destino (de ser o caso, en venda directa).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38528
Data envio: 10/10/2018 14:03:19.322

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se o gandeiro non é capaz de repercutir os custes no prezo de venta final, opta pola vía máis rápida (non crotalizar ó non existir obriga antes dos 6 meses e matar na casa e vender ó veciño/a sen garantías sanitarias).

Velaí unha mostra de como unha lexislación que persegue garantías sanitarias para o consumidor se volve en contra de si mesma e produce o efecto contrario, por n0on se adaptar á realidade.

Existe tamén a posibilidade de vender ó tratante de turno, case sempre a prezos excesivamente baixos pois se non se venden, pásanse de quilos e teñen que quedaren na corte como reprodutores. Os tratantes, que son coñecedores desta realidade presionan conseguindo prezos de gandeiros non profesionais, xubilados ou xente con outra actividade, arredor de 35/40 euros por animal. Carto fácil.

As consecuencias son: competencia desleal cos gandeiros máis profesionais que cumpren a normativa sanitaria, menor volume de canais sacrificados por cauces legais (2/3 partes da produción de ovino e cabrún galegas non pasa por matadoiro ) e polo tanto aínda máis encarecemento do prezo. Os matadoiros prefiren centrarse nas liñas de sacrificio de vacún e porcino.

A medio e longo prazo estas condicións afogan as perspectivas de crecemento do sector e poden apareceren posibles alertas sanitarias se non hai control axeitado da trazabilidade dos animais vendidos sen pasar polo matadoiro.

A produción galega de gando miúdo (ovino e cabrún) rolda os 428.800 kg (kg sacrificados en matadoiros), pero se temos en conta o censo, e sabendo que non existen grandes fluxos de importación nin de exportación de cordeiro e cabrito vivo, a estimación de produción eleva esta cifra ata máis de 1.400.000 kg. Isto implica que dous terzos da produción non pasan polas canles de sacrificio autorizadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38528
Data envío: 10/10/2018 14:03:19.322

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É unha realidade a situación de indefensión en que se encontra o sector á hora de sacrificio e despece das súas reses cunha normativa legal que incide de xeito moi negativo sobre o prezo final do produto e sobre a marxe de ganancia que deixa ó produtor.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas pensa adoptar para alivia-la presión que a normativa actual exerce sobre o sector ovino-cabrún á hora do sacrificio e despece e se contempla a posibilidade de matadoiros móbiles ou outras alternativas?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38528
Data envío: 10/10/2018 14:03:19.322

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2018 14:01:14**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2018 14:01:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2018 14:01:21**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2018 14:01:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2018 14:01:25**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2018 14:01:27**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 12:32
Nº Rexistro: 38573
Data envío: 11/10/2018 12:32:47.762

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo,** deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación.**

A situación das traballadoras e traballadores do sector dos produtos do mar con procesos de conxelación e refrixeración está marcada pola precariedade e polos baixos salarios. A pesar de que a industria de transformación de produtos derivados do mar é unha das máis importantes do noso país, que ten o peso maioritario do sector a nivel estatal. Hai que ter presente que o 75% do sector se atopa en Galiza e que a súa patronal maioritaria ten sede en Vigo.

O convenio estatal de produtos elaborados do mar con procesos de conxelación e refrixeración, que expirou en 2015, marca unhas condicións que deben mellorarse de inmediato, xa que se trata dun dos máis precarios de todo o ámbito da alimentación, con xornadas laborais superiores ás 40 horas semanais, salarios que superan escasamente os 800 euros mensuais de media e cuns ritmos de produción moi altos.

A precariedade incide especialmente coa extensión de formas de subcontratación que implican recorte de dereitos. Así, o traballo temporal está cada vez máis presente no sector, coa implantación de novas fórmulas abusivas como as empresas multiservizos ou as falsas cooperativas. Nalgúns centros de traballo é moito maior a porcentaxe de traballadores de ETT que os contratados pola empresa principal.

A negociación do convenio leva anos paralizada, xa que a patronal négase a atender as reivindicacións dos traballadores e traballadoras. Unhas reivindicacións tan básicas coma que se contabilice o tempo de descanso para a comida como tempo de traballo, uns 20 minutos que si se contabilizan noutros convenios colectivo. Resulta inadmisible tamén que se continúe sen pagar o plus de nocturnidade ás traballadoras que realizan este traballo en horario nocturno.

Polo tipo de actividade, este sector presenta grandes riscos para a saúde e a seguridade das traballadoras, que se ven cada día expostas a unha longa lista de ameazas asociadas a diferentes procesos: uso de ferramentas afiadas, frecuente contacto coa auga na propia actividade do manipulado, traballo en pavimentos e superficies esvaradizas, continua exposición ao frío, ambientes moi húmidos. Agravado todo elo por uns ritmos de traballo a velocidades de vertixe.

É por iso que se reivindica un plus de refrixeración.

Ademais, as actuais táboas salariais están por debaixo dos 14.000 euros anuais que fixa o Acordo Estatal de Negociación Colectiva asinado este ano. As traballadoras levan vendo desde o 2010 como vai diminuíndo o seu poder adquisitivo, ao non acadar sequera o incremento do IPC . Perante esta situación, nas negociacións do novo convenio a patronal do sector non ofertaba ningunha cláusula de revisión salarial, senón subidas por debaixo do IPC.

Por todo o anterior preséntase a seguinte Interpelación:

1. Vai actuar decididamente a Xunta de Galicia para favorecer un acordo, entre sindicatos e patronal no sector de produtos elaborados do mar con procesos de conxelación e refrixeración, que mellore os salarios, a calidade do emprego, as condicións de traballo e limite o abuso da subcontratación a través dun convenio colectivo que actualice o contido do vixente na actualidade?

2.Como valora a Xunta de Galicia as condicións salariais e laborais das traballadoras deste sector?

3. Ten previsto impulsar actuacións da inspección de Traballo para investigar neglixencias nas condicións de traballo que supoñan riscos para a saúde das traballadoras?

4.Vai avaliar a posibilidade de realizar estudos sobre as condicións laborais neste sector, atendendo á existencia de riscos laborais con consecuencias na saúde das traballadoras?

5.Están previstas intervencións da inspección de traballo para analizar os niveis excesivos de subcontratación?

6. Que medidas vai tomar para evitar a extensión da precarización e o deterioro nas condicións laborais das traballadoras e traballadores deste sector?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea-

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 11/10/2018 12:30:36**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 12:32
Nº Rexistro: 38573
Data envio: 11/10/2018 12:32:47.762

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Julia Torregrosa Sañudo na data 11/10/2018 12:30:50**

**José Manuel Lago Peñas na data 11/10/2018 12:30:59**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo e Luca Chao Pérez,** deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

Un modelo de país caracterizado pola dependencia económica do turismo ten consecuencias negativas importantes para o emprego, debido á profunda estacionalidade e temporalidade que existen en dito sector.

En Galicia entre 2.500 e 3.000 mulleres traballan limpando hoteis, pensións ou albergues.

A situación destas camareiras de piso está marcada pola precariedade e, ademais, empeorou a raíz das últimas reformas laborais, xa que progresivamente se foron externalizando estes servizos e como consecuencia foron excluíndoas dos convenios colectivos.

Recentemente aceptábase unha demanda histórica do colectivo, recoñecendo algunhas enfermidades profesionais propias, como por exemplo o síndrome do túnel carpiano, a bursite ou a epicondilite relacionadas cos movementos repetitivos que se dan nestes traballos.

Pero aínda quedan moitas cuestións que solventar para rematar coa precariedade que existe nestes empregos. É necesario mellorar a prevención dos riscos laborais e elaborar plans específicos para tal fin.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 13:33
Nº Rexistro: 38579
Data envío: 11/10/2018 13:33:52.607



Ademais, deben reducirse o número de habitacións que debe facer cada traballadora, xa que na actualidade viven ritmos infernais. E por suposto, o marco legal debe modificarse para evitar as externalizacións en servizos consolidados.

E tamén deberíase avanzar na promoción dunha rebaixa da idade de xubilación para este sector, por razóns obvias.

No DECRETO lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no seu artigo 37, recóllese o seguinte:

Artigo 37. Actuacións especiais en materia de riscos laborais sobre sectores laborais feminizados.

A Consellería competente en materia de traballo impulsará a realización de actuacións especiais en materia de prevención de riscos laborais sobre sectores laborais feminizados mediante a elaboración de estudos epidemiolóxicos, accións de información e asesoramento técnico e accións de vixilancia e control, a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sobre o cumprimento das normas de prevención.

Por todo o anterior, presentase a seguinte Interpelación:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia tomar medidas para mellorar as condicións destas traballadoras?

2. Que opinión ten o Goberno galego da situación na que se atopan as traballadoras de limpeza de pisos, hoteis e apartamentos?

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

3. Considera a Xunta de Galicia que promover un turismo que xera unhas indignas condicións laborais para as traballadoras e positivo para a economía de Galicia?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 11/10/2018 13:13:16**

**Luca Chao Pérez na data 11/10/2018 13:13:24**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:11
Nº Rexistro: 38662
Data envio: 11/10/2018 17:11:58.007

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á EDAR Os Praceres.

A Xunta de Galiza encargou un Plan de saneamento local da ría de Pontevedra que prevé a mellora da EDAR dos Praceres, a ampliación desta infraestrutura e un novo emisario submarino dimensionado para os vertidos da depuradora ampliada e de ENCE.

Estas propostas contan con un importante rexeitamento social na parroquia de Lourizán, que lle foi trasladado ao goberno galego nas xuntanzas que tiveron lugar no mes de novembro. Por outra parte, no pleno do pasado 9 de outubro, todas as forzas políticas do concello de Pontevedra aprobaron un acordo unánime de rexeitamento á proposta de ampliación da depuradora dos Praceres, por considerar que vai ter un impacto moi negativo na contorna e que existen outras alternativas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

-Vai ter en conta a Xunta de Galiza o posicionamento unánime do pleno da corporación municipal de Pontevedra en contra da ampliación da depuradora dos Praceres?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:11
Nº Rexistro: 38662
Data envío: 11/10/2018 17:11:58.007

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que alternativas contempla a Xunta de Galiza para darlle solución aos graves problemas de saneamento que sofre a ría de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2018 17:10:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/10/2018 17:10:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/10/2018 17:10:36**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/10/2018 17:10:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:11
Nº Rexistro: 38662
Data envio: 11/10/2018 17:11:58.007

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 11/10/2018 17:10:43**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/10/2018 17:10:44**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:30
Nº Rexistro: 38668
Data envío: 11/10/2018 17:30:45.720

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao baixo nivel de execución orzamentaria na Consellaría do Mar.

Nos últimos anos é unha constante a baixa execución orzamentaria da Consellaría do Mar en xeral, a respecto de programas ligados ao fomento do sector. Trátase dunha eiva que, lonxe de corrixirse, estase a intensificar ano tras ano. O “Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2018" a data de 30 de xuño amósanos que o grado de execución dos orzamentos da Consellaría realmente exiguos, como o relativo ao programa competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, co 1%, Construción, conservación e explotación portuaria co 1,7%, ou infraestruturas pesqueiras co 0,4%.

| | |
|---|---|
| 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura | 1,0 |
| 513A-Construción, conservación e explotación portuaria | 1,7 |
| 514A-Infraestruturas pesqueiras | 0,4 |

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:30
Nº Rexistro: 38668
Data envío: 11/10/2018 17:30:45.720

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:

-A que razón atribúe a Xunta de Galiza que partidas ligadas á Consellaría do Mar sexan, das de menor execución orzamentaria?

-Considera a Xunta de Galiza que o grao de execución dos citados programas correspóndese cunha boa práctica e xestión orzamentaria?

-A que cre a Consellaría que é debido o nivel tan baixo de execución dos programas citados?

-Cre a Consellaría que os programas que amosan baixos graos de execución acadaron o obxectivo político que tiñan asignado?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/10/2018 17:29:36**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/10/2018 17:29:40**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/10/2018 17:29:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/10/2018 17:29:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/10/2018 17:29:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2018 17:29:51**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:49
Nº Rexistro: 38678
Data envio: 11/10/2018 17:49:23.229

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación** sobre a calidade asistencial incumprimentos en materia de Benestar Social

No curso do debate de Política Xeral 2018 deste Parlamento, o Presidente da Xunta referiuse ás políticas sociais como as mellores en toda a Historia de Galiza. O señor Feijóo sinalou unha serie de supostos logros cargados de mentiras e medias verdades sobre as súas políticas de Benestar Social.

En primeiro lugar, Núñez Feijóo dixo que "os empregados públicos recuperaron os dereitos de antes da crise", pero as persoas que traballan a quendas nos centros de Política Social manteñen os dereitos a descanso e conciliación suspendidos dende 2012, por mor da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, ao manterse suspendido o artigo 19 do Vº Convenio Colectivo da Xunta de Galiza, excepto o apartado 1. É dicir, quen traballa en domingo ou festivo perdeu o dereito a descansar o domingo ou festivo seguinte. Así, van varios anos nos que a moita xente apenas lle cadra descansar en domingos ou festivos, ademais de perder a compensación por traballar en fin de semana ou festivos.

Asemade, o Tribunal Constitucional ratificou nunha sentenza o dereito do persoal interino da Xunta a permutar os seus postos de traballo, cousa que a Xunta denegara a dúas psicólogas da Consellería de Traballo e Benestar, que solicitaran permuta dos postos de traballo para poder coidar de persoas e dependentes. Este recorte do dereito á permuta dos postos de traballo séguese negando no Consorcio de Igualdade e Benestar.

Ao recorte en descansos sumouse o recorte en persoal, pois só se substituíron as baixas médicas cando son de media ou longa duración, e non se cobren, en xeral, os permisos, nin se substituíron integramente vacacións nos centros de Política Social. De 2010 a 2012, o recorte foi de 13 millóns de euros e aínda en 2015 o gasto de persoal é un 7,1% menos que en 2010 (datos do Consello de Contas).

Estes recortes están en relación co feito de que, como sinala a CIG, Política Social leva cabeceira no número de accidentes seguida por Medio Rural nun semestre (o 1º do ano 2018) de pouco incendios. 121 partes en Política Social e 34 en Medio Rural. E 142 mulleres fronte a 43 homes en global na Xunta, polo que queda claro que as traballadoras de Política Social son as que mais accidentes teñen. Pola forma de accidente a maioría son sobreesforzos en centros de día, escolas infantís, residencias, servizo de incendios forestais...".

A Xunta achaca estes accidentes á elevada idade do persoal, pero a metade dos accidentes en Política Social son por causas debidas ao sobreesforzo.

Feijóo anunciou que se reducirá neste ano a lista de agarda para as valoracións do grao de discapacidade, pero aínda persiste un acumulo duns 10.000 expedientes por valorar. A razón é que as "solucións" da Xunta a este colapso foi un convenio co Sergas e a dotación de equipas temporais, cando o que cómpre é aumentar os Equipos de Valoración e Orientación da Discapacidade de xeito estable para dar saída aos expedientes e, en definitiva, para garantir os dereitos da poboación. Hai que ter en conta que sen certificado do grao de discapacidade non se pode, por exemplo, acceder gratuitamente a terapias (no caso de crianzas) ou acceder a emprego público reservado para persoas con discapacidade; ademais, moita xente en agarda morrerá, como xa ten pasado, sen obter os seus dereitos, porque as agardas teñen chegado aos 3 anos na provincia de Pontevedra.

No eido da atención á Dependencia, 9.388 persoas aínda están en lista de agarda e non perciben ningunha prestación. A cifra faille sacar peito a Feijóo porque,

efectivamente, reducimos lista de agarda, pero fixémolo a conta de cargar no lombo das mulleres o coidado das persoas dependentes, porque o servizo que menos medrou foi o de residencias públicas, porque non hai prazas suficientes de respiro familiar e porque as prestacións monetarias son insuficientes. Ademais, Feijóo tería que dar a cara ante os datos da última enquisa do IGE para 2017, que indica que hai 117.875 persoas que se autoperciben como en situación de dependencia, un 25,06% máis que en 2011. Esta enquisa revela que aumentou o número de persoas que realizan tarefas de coidado de persoas dependentes, máis do 62% das cales son mulleres, fundamentalmente maiores de 45 anos, e un 30% das mesmas dedican máis de 70 horas á semana a esta tarefa. Mulleres, lembremos, ás que o Goberno do PP no Estado retirou o pago das prestacións á Seguridade Social, co cal menos do 10% das persoas coidadoras se mantiveron cotizando.
Ademais, a citada enquisa do IGE indica tamén que máis de 53.000 persoas que se autoperciben con dependencia precisan axuda a domicilio, pero que só o 44% a recibe, que se precisan máis coidados sanitarios especializados, transporte adaptado e máis prazas en centros de día.

Sinalou Feijóo que aumentará a axuda por coidados no fogar (son irrisorias as prestacións de libranza por coidados) e as horas de Asistente Persoal para a Vida Independente, proposta esta que foi realizada por En Marea e aprobada por unanimidade do Parlamento, pero que aínda non se aplicou.

Gábase Feijóo de ter aumentado as prazas públicas, pero o que aumentou máis foi a porcentaxe das prazas concertadas no conxunto das prazas sostidas pola Xunta e nos centros propios, óptase pola xestión indirecta, porque asume un modelo que favorece o negocio privado, xa que tampouco desenvolve o “concerto social” para primar a entidades sociais fronte á empresas privadas. No conxunto de total das prazas, a porcentaxe de prazas privadas é dun 67%, a maior de todo o Estado.

Asemade, continúa unha lista de agarda inasumible para residencias de maiores, xa que no Programa de Asignación de Recursos situábase a lista de agarda en 2016 en 1.774 expedientes. Os prazos de resolución exceden con moito o estipulado na normativa; o tempo medio de trámite ata ser recoñecido o dereito a unha praza de residencias de maiores é de 453,5 días, máis 154,82 días máis de media até o ingreso na mesma, resultando un tempo promedio de espera de 491,74 días.

Ademais, as condicións nos centros de maiores agrávanse co feito de non ter desenvolvido os recursos do eido sociosanitario, incorporando a persoas con enfermidades mentais e drogodependentes, a persoas tuteladas pola FUNGA (na que enchufaron a un Director sen experiencia no eido social), sen seguimento axeitado e sen que aumenten os recursos humanos e materiais nos centros.

O Presidente, volveu no discurso do "estado da nación" sacar o globo sonda do "bono autonomía en residencias", prestación que xa existe na Lei de Autonomía persoal, e que en teoría servirá para sufragar unha praza en residencia privada mentres se está en agarda para unha pública, pero a contía non chega, porque de media unha praza privada costa uns 1500 €.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Interpelación:

- Considera a Xunta que manter suspendidos dereitos ao descanso nos centros de política social é estar a prol da conciliación?

- Por que a Xunta vulnerou o dereito á conciliación do seu persoal interino?

- Por que a Xunta vulnera o dereito á conciliación do persoal do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar?

- Ve a Xunta algunha relación entre o recorte en persoal nos centros de atención directa de Política Social e que esta lidere o número de baixas laborais da Xunta?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:49
Nº Rexistro: 38678
Data envío: 11/10/2018 17:49:23.229



- Cando vai admitir a Xunta a necesidade de aumentar, de xeito estrutural, o persoal nos Equipos de Valoración da Discapacidade e a creación de novos equipos estables para rematar coa lista de agarda?

- Por que a Xunta de Feijóo apostou porque as mulleres quiten tempo da súa vida persoal e laboral para coidar ás persoas dependentes sen estar cotizando?

- Cando se vai aumentar as horas da prestación de Asistente Persoal?

- En cantas horas se vai aumentar nesta lexislatura a prestación de Asistente Persoal?

- Canto van aumentar as axudas por coidado no fogar?

- Cando van estar en funcionamento as residencias das sete cidades, do "Plan coma na Casa"?

- Que cronograma ten a Xunta para desenvolver o "Plan coma na Casa"?

- Cando vai reducir a lista de agarda en Dependencia para cumprir cos prazos legais?

- Cando vai desenvolver unha regulamentación para o eido sociosanitario?

- Cando vai aumentar o persoal e mellorar a organización da FUNGA?

- Por que enganaron á cidadanía vendendo como novidosa unha prestación, o bono autonomía en residencias, cando é unha prestación que xa existía?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:49
Nº Rexistro: 38678
Data envio: 11/10/2018 17:49:23.229

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 11/10/2018 17:45:32**

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727